



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Dereito da Empresa		Código	612G01011	
Titulación	Grao en Dereito				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Dereito Privado				
Coordinación	Vazquez Pena, Manuel Jose		Correo electrónico	manuel.jose.vazquez.pena@udc.es	
Profesorado	Arevano Fuentes, M ^a de la Cruz Cachafeiro Garcia, Fernando Cernadas Lázare, Marta Vazquez Pena, Manuel Jose		Correo electrónico	m.arevano@udc.es fernando.garcia@udc.es marta.cernadas.lazare@udc.es manuel.jose.vazquez.pena@udc.es	
Web					
Descrición xeral	<p>Nesta asignatura analízanse, en primeiro lugar, os elementos esenciais do Dereito Mercantil. Non soamente se estudan o concepto e as fontes desta disciplina, senon tamén o estatuto xurídico da empresa, do empresario, a súa contabilidade, a súa necesaria publicidade legal, así como o réxime xurídico dos seus colaboradores. Nunha segunda parte, nesta asignatura examínase o Dereito da Propiedade Intelectual e da Competencia. En particular, estúdanse os diferentes dereitos sobre creacións industriais, os signos distintivos, o Dereito de Autor e dereitos afíns, a libre competencia e, finalmente, a competencia desleal e a publicidade comercial ou económica.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento do concepto e das características xerais do Dereito Mercantil.	A1 A2 A3 A4 A5 A6	B8	C3 C4 C5 C7
Manexo adecuado das fontes do Dereito Mercantil.	A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A10	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C4 C5 C7
Coñecemento dos conceptos fundamentais do estatuto xurídico da empresa e dos problemas prácticos que o mesmo plantexa.	A1 A2 A4 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecemento dos conceptos fundamentais do estatuto xurídico do empresario e dos problemas prácticos que o mesmo plantexa.	A1 A2 A4 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Destrezas básicas no funcionamento do Rexistro Mercantil.	A1 A2 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C6
Coñecemento básico do réxime xurídico propio da contabilidade do empresario.	A1 A4 A9 A10	B7 B8 B2 B3 B5	C3



Coñecemento do réxime xurídico dos distintos colaboradores do empresario e dos problemas prácticos que o mesmo plantexa.	A1 A2 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C5
Destrezas básicas na Teoría Xeral da Propiedade Intelectual e da Competencia.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C7
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias dos dereitos sobre creacións industriais.	A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do dereito dos signos distintivos.	A1 A2 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecemento do Dereito de Autor e dos dereitos afíns, así como dos problemas prácticos que plantexan.	A1 A2 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do Dereito da Libre Competencia ou Dereito antitrust.	A1 A2 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8



Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do Dereito da Competencia Desleal e da Publicidade Económica.	A1	B7	C3
	A2	B8	C4
	A4	B2	C5
	A6	B3	C6
	A8	B4	C7
	A9	B5	C8
	A10		
	A11		

Contidos	
Temas	Subtemas
Lección 1.- Concepto e características xerais do Dereito Mercantil.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O concepto de Dereito Mercantil. 2.- O Dereito Mercantil como categoría histórica. 3.- O Dereito Mercantil contemporáneo: A Constitución económica.
Lección 2.- As fontes do Dereito Mercantil.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Plantexamento xeral: A especialidade do Dereito Mercantil. 2.- As Leis mercantís. 3.- Os usos de comercio. 4.- Os Xuzgados do Mercantil, a arbitraje e a mediación en asuntos mercantís.
Lección 3.- A empresa.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O concepto de empresa. 2.- A compraventa da empresa. 3.- O arrendamento da empresa. 4.- A transmisión mortis causa da empresa.
Lección 4.- O empresario.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O concepto de empresario. 2.- Clases de empresarios. 3.- A responsabilidade do empresario. 4.- A capacidade do empresario. 5.- O exercizo da actividade mercantil por persoa casada. 6.- Prohibicións e restricións ao exercizo da actividade empresarial. Perda da condición de empresario.
Lección 5.- O Rexistro Mercantil.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Nocións fundamentais sobre o Rexistro Mercantil. 2.- Suxeitos e actos inscribibles. 3.- Os Rexistros Mercantís Territoriais e as súas funcións. 4.- O Rexistro Mercantil Central e as súas funcións.
Lección 6.- A contabilidade do empresario.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Nocións introductorias. 2.- A contabilidade formal: O deber de contabilidade, o segredo contable e a contabilidade como medio de proba. 3.- A contabilidade material: As contas anuais e a auditoría de contas.
Lección 7.- A representación do empresario.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Nocións introductorias. 2.- O apoderado xeral ou factor. 3.- Os apoderados singulares.
Lección 8.- Teoría xeral da Propiedade Intelectual e da Competencia.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- A Propiedade Intelectual e o Dereito da Competencia. 2.- Características do réxime da Propiedade Intelectual. 3.- Características do réxime do Dereito da Competencia. 4.- Modalidades.
Lección 9.- As patentes.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- A patente de invención: Concepto, natureza e clases. 2.- A regulación española das patentes de invención. 3.- O Dereito supranacional de patentes.
Lección 10.- Outras creacións industriais.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O modelo de utilidade. 2.- O deseño industrial. 3.- Outras modalidades.



Lección 11.- As marcas.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Concepto e funcións da marca. 2.- O nacemento do dereito sobre a marca: Prohibicións. 3.- Contido do dereito sobre a marca. 4.- Nulidade e caducidade da marca rexistrada. 5.- Marcas internacionais e marcas da Unión Europea.
Lección 12.- Outros signos distintivos.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O nome comercial. 2.- O rótulo de establecemento. 3.- As denominacións xeográficas dos produtos. 4.- Os nomes de dominio.
Lección 13.- O Dereito de Autor.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O dereito de autor de obras literarias, artísticas e científicas. 2.- Os dereitos afíns. 3.- A protección do dereito de autor.
Lección 14.- A libre competencia.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Réxime xurídico da libre competencia: Regulación española e Dereito Comunitario. 2.- Acordos e prácticas concertadas. Abuso de posición dominante. 3.- Falseamento da competencia por actos desleais. Control das concentracións empresariais. 4.- Axudas públicas. 5.- Órganos e sancións.
Lección 15.- Competencia desleal e publicidade económica.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- A lealdade na concurrencia mercantil e a Lei de Competencia Desleal. 2.- A cláusula xeral de prohibición. 3.- Os actos de competencia desleal. 4.- A publicidade económica.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	26	0	26
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	16	0	16
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 C4 C5 C6 C7	28	0	28
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	2	40	42
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	2	12	14
Atención personalizada		24	0	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Se analizarán sentenzas dos tribunais e, especialmente, se resolverán problemas xurídicos plantexados en supostos de feito concretos (casos prácticos).
Discusión dirixida	O profesor plantexará en clase un problema xurídico e se procurará chegar á solución do mesmo cas intervencións dos/as alumnos/as.
Sesión maxistral	Exposición oral de cada unha das leccións que integran os contidos da asignatura, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Proba mixta	Método de avaliación consistente nunha proba escrita (examen) que debe realizar individualmente cada estudante.
Proba de ensaio	Ao longo do curso, cada certo tempo, os/as alumnos/as realizarán unha proba que terán que entregar ao profesor para a súa avaliación. A mesma servirá tamén para que os/as alumnos/as podan comprobar os seus avances na materia obxeto da asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	<p>A atención personalizada xenérica consiste na tradicional tutoría mediante a cal o profesor ponse a disposición dos/as alumnos/as nun momento temporal concreto, co obxecto de que podan consultar ou solventar calquer problema con él de forma individualizada.</p> <p>A atención personalizada na proba mixta ten lugar tras a súa avaliación. Na tradicional revisión, o profesor atenderá persoalmente ao estudante que o solicite, mostrándolle a proba xa realizada e explicándolle a corrección da mesma.</p> <p>As MEDIDAS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL centraranse, sempre tendo en conta a disponibilidad do alumnado, en establecer opcións substitutorias daquelas partes de avaliación que, por mor das súas especiais circunstancias, non poden ser plenamente desenvolvidas. Deste xeito, a avaliación continua do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial non será exactamente a mesma ca dos/as alumnos/as con dedicación plena, sendo modulada e adaptada a cada caso concreto, en atención ás circunstancias persoais de cada un.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	Proba, de moi variada índole (test, análise xurisprudencial, estudo e análise xurídico de casos concretos, elaboración de contratos ou documentos, discusións dirixidas, etc.), que realizan os/as alumnos/as ao longo do curso para comprobar os coñecementos adquiridos.	30
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	Exame que combinará preguntas "tipo test" con preguntas de redacción, todas elas relacionadas con calquer materia incluída no programa de contidos da asignatura.	70
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Os/as alumnos/as durante as sesións presenciais intervirán oralmente expoñendo a súa solución aos casos propostos, debatendo, no seu caso, co profesor e cos seus compañeiros/as.	0
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Os/as alumnos/as intervirán na discusión plantexada, tratando de mostrar os seus coñecementos e habilidades.	0



Observacións avaliación

IMPORTANTE: AS PROBAS DE ENSAIO, QUE PERMITEN A AVALIACIÓN CONTINUA DO ALUMNADO, SOAMENTE PODERÁN SER REALIZADAS POR AQUELES ESTUDANTES QUE ASISTAN E PARTICIPEN REGULARMENTE NAS CLASES OU AULAS DA ASIGNATURA.

A avaliación na SEGUNDA OPORTUNIDADE seguirá exactamente os mesmos criterios que na primeira. Así, deberá terse en conta que NA SEGUNDA OPORTUNIDADE A NOTA DO EXAMEN SEMPRES SUPORÁ O 70% DA CUALIFICACIÓN DA ASIGNATURA.

No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial terase en conta para a súa avaliación, de maneira obrigatoria, a proba mixta e as probas de ensaio. A proba mixta, como ocorre cos demais estudantes, terá un valor do setenta por cento da nota final. No seu caso tamén as probas de ensaio

suporarán o trinta por cento da nota final da asignatura. Mais neste último caso se terá en conta a dispoñibilidade do alumnado, poidéndose establecer datas substitutorias daquelas inicialmente previstas para o resto do alumnado.

Calquer intento de fraude ou plaxio en calquera das actividades que se desenvolvan durante o curso, nas probas de ensaio ou no exame final, será penalizado cun suspenso automático na materia (puntuación: 0).

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- SÁNCHEZ CALERO, F./SÁNCHEZ-CALERO GUILARTE, J. (Última edición). Principios de Derecho Mercantil, t. I. Aranzadi- Aurelio MENÉNDEZ & Ángel ROJO (directores) (Última edición). Lecciones de Derecho Mercantil, vol. I. Thomson Reuters <p>É absolutamente necesario manexar as Leis mercantís relativas aos contidos da asignatura.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, A. (Última edición). Apuntes de Derecho Mercantil. Aranzadi- BROSETA PONT, M./MARTÍNEZ SANZ, F. (Última edición). Manual de Derecho Mercantil, t. I. Tecnos- JIMÉNEZ SANCHEZ, G. J./ANGULO RODRÍGUEZ, L. (Última edición). Lecciones de Derecho Mercantil. Tecnos- VARIOS AUTORES (Última edición). Lecciones de Derecho Empresarial. Tirant lo Blanch

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Dereito Mercantil: Dereito de sociedades e de títulos-valores/612G01022

Dereito Mercantil: Contratos empresariais. Dereito concursal e dereito marítimo/612G01035

Observacións

É aconsellable o estudo continuo, e dende o inicio do curso, da asignatura.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías